

2023

# REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA - FAGAL



FAGAL  
FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA



FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

R/República Checa, nº52.  
Santiago de Compostela  
981595121  
[www.fagal.org](http://www.fagal.org)

# ÍNDICE

<b>TÍTULO I. DA FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA .....</b>	<b>5</b>
<b>CAPÍTULO I. CUESTIÓNS XERAIS .....</b>	<b>5</b>
Artigo 1. Réxime xurídico .....	5
Artigo 2. Obxecto do Regulamento de Réxime Interno.....	5
Artigo 3. Domicilio social e ámbito territorial .....	5
<b>CAPITULO II. DA ADQUISICIÓN E PERDA DA CONDICIÓ DE ENTIDADE MEMBRO .....</b>	<b>5</b>
Artigo 4. Momento do ingreso .....	5
Artigo 5. Capacidade e requisitos de admisión.....	5
Artigo 6. Procedemento de admisión.....	6
Artigo 7. Perda da condición de entidade membro .....	6
<b>TÍTULO II. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO .....</b>	<b>7</b>
<b>CAPITULO I. DA ASAMBLEA XERAL .....</b>	<b>7</b>
Artigo 8. Natureza .....	7
Artigo 9. Reunións.....	7
Artigo 10. Convocatorias .....	7
Artigo 11 . Orde do Día .....	7
Artigo 12. Quórum de constitución.....	8
Artigo 13. Formas de celebración .....	8
Artigo 14. Desenvolvemento das reunións.....	8
Artigo 15. Adopción de acordos.....	8
Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral .....	9
<b>CAPITULO II. DA XUNTA DIRECTIVA.....</b>	<b>9</b>
Artigo 17. Composición .....	9
Artigo 18. Actuación da Xunta Directiva .....	9
Artigo 19. Convocatoria .....	9
Artigo 20. Formas de celebración .....	10
Artigo 21. Desenvolvemento das reunións.....	10
Artigo 22.- Adopción de acordos .....	10

Artigo 23. Comisións informativas ou de traballo .....	11
Artigo 24. Competencias da Xunta Directiva .....	11
Artigo 25. Designación, vacancia e cese dos membros .....	11
Artigo 26. Réxime electoral .....	11
<b>TITULO III. DA AFILIACIÓN A UNHA CONFEDERACIÓN .....</b>	<b>14</b>
Artigo 27. Afiliación á Confederación Española de Alzheimer .....	14
<b>TITULO IV. DA DISOLUCIÓN .....</b>	<b>14</b>
Artigo 28. Disolución da Federación .....	14
Artigo 29. Comisión liquidadora .....	14
<b>TITULO V. DOS ESTATUTOS E DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO .....</b>	<b>14</b>
Artigo 30. Da reforma dos Estatutos e do Regulamento de réxime interno .....	14
<b>TITULO VI. DA OFICINA TÉCNICA .....</b>	<b>15</b>
Artigo 31. Desenvolvemento das actividades .....	15
Artigo 32. Local federativo .....	15
<b>TITULO VII. DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN S .....</b>	<b>15</b>
<b>TÍTULO VIII. DO REXIME ECONÓMICO .....</b>	<b>15</b>
Artigo 34 . Cota salarial .....	15
Artigo 35 . Abono da cota social .....	16
Artigo 36 . Asistencia a Asembleas, reunións de traballo ou análogas .	16
<b>TÍTULO IX. MEDIACIÓN .....</b>	<b>16</b>
Artigo 37 . Mediación de FAGAL .....	16
Artigo 38 . O proceso de mediación .....	16
Artigo 39. Principios da mediación .....	16
Artigo 40. Solicitude de mediación .....	16
Artigo 41. Comisión de Mediación .....	17
Artigo 42. Participación na mediación .....	17

Artigo 43. Cumprimento dos acordos..... 17

**DILIXENCIA** ..... 17

# TÍTULO I. DA FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

## CAPÍTULO I. CUESTIÓNS XERAIS

### **Artigo 1. Réxime xurídico**

A Federación Alzheimer Galicia (en adiante FAGAL) constituída ao amparo da lexislación vixente, rexerase polos seus Estatutos, aprobados o día 09/06/18, polo presente Regulamento do Réxime Interno e por todas aquelas normas que estableza o regulamente que lle é aplicable de acordo coas leis.

### **Artigo 2. Obxecto do Regulamento de Réxime Interno**

Este Regulamento é unha norma básica para o desenvolvemento dos Estatutos, en aspectos como a estrutura e os recursos materiais e humanos de FAGAL. En tanto norma de desenvolvemento, está supeditado aos mesmos e en ningún caso poderá ir contra o articulado ou a filosofía dos mesmos. Calquera conflito resolverase pola Xunta Directiva.

### **Artigo 3. Domicilio social e ámbito territorial**

O domicilio social e o ámbito territorial establécense segundo o marcado nos Estatutos de FAGAL. No seu caso, a Asemblea Xeral poderá proceder aos cambios do domicilio que estime oportunos, dando a correspondente notificación ás autoridades competentes e aos socios da entidade.

## CAPÍTULO II. DA ADQUISICIÓN E PERDA DA CONDICIÓ DE ENTIDADE MEMBRO

### **Artigo 4. Momento do ingreso**

O ingreso de novos socios e socias á Federación atópase aberto durante o primeiro trimestre do ano. Durante este período, a Xunta Directiva deberá resolver a solicitude para poder presentala na Asemblea Xeral (primeiro semestre do ano).

### **Artigo 5. Capacidade e requisitos de admisión**

Poderán ser membros de FAGAL todas as asociacións de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias legalmente constituídas, con dous de antigüidade de constitución, que sexan aceptadas pola Xunta Directiva, trala presentación da solicitude de ingreso correspondente. Esta solicitude virá acompañada dos seguintes documentos:

- a) Certificación do acordo de integración na Federación tomado en asemblea xeral da asociación.
- b) Copia dos estatutos visados e de legalización
- c) Composición da Xunta Directiva coa declaración xurada de ser ou ter sido familiar e/ou coidador dunha persoa con demencia neurodexenerativa.
- d) Número de asociados certificado polo pago das cotas
- e) Memoria da asociación e das súas actividades

- f) Declaración de aceptación dos estatutos e das normas de carácter xeral establecidas pola Federación.
- g) Darase prioridade a aquelas novas asociacións que traballen en localidades onde ningunha asociación estea intervindo. No caso de que se creen no mesmo territorio onde xa existe unha AFA, deberá realizarse un acordo escrito entre ambas identificando as formas de colaboración e mediación.

#### **Artigo 6. Procedemento de admisión**

A solicitude de ingreso, que deberá realizarse durante o primeiro trimestre do ano, será tratada en reunión da Xunta Directiva quen deberá verificala, emitindo necesariamente un informe positivo (de admisión) ou negativo (de rexeitamento do ingreso). Tanto o informe positivo como o informe negativo, que deberá especificar as causas de rexeitamento, serán comunicados á asociación que solicita o ingreso na Federación por correo postal ou electrónico. O informe positivo acompañarase dunha copia do presente Regulamento. En caso de informe negativo, o solicitante terá un prazo de 10 días para reparar as causas de rexeitamento do seu ingreso. De non repararse, considerarase rexeitado o seu ingreso e deberá enviar de novo a súa solicitude no primeiro trimestre do ano seguinte.

Unha vez admitido ao solicitante como novo socio, o Secretario ou Secretaria, procederá a dalo de alta no rexistro de socios da Federación. Así mesmo, desde o seu ingreso na Federación, o novo socio debe aceptar sen reservas os Estatutos e o presente Regulamento da Federación e estará obrigado ao abono, en tempo e forma, das cotas que se determinen.

A Xunta Directiva presentará á Asemblea Xeral, cunha periodicidade anual, un informe sobre as baixas e altas dos socios producidas no devandito período.

No caso de que o acordo sexa denegatorio, indicaráselle claramente na comunicación que contra tal acordo non cabe ningún recurso.

#### **Artigo 7. Perda da condición de entidade membro**

A perda da condición de entidade membro titular da Federación por motivos de sanción, rexerá polo establecido no Réxime Sancionador da Federación Alzheimer Galicia.

A renuncia voluntaria debe ser comunicada de forma expresa e por escrito á Xunta Directiva. Esta comunicación, cuxa redacción é libre, pode enviarse por correo postal ou electrónico dirixido ao Presidente/a da Federación. Á recepción da súa renuncia, o socio é borrado do rexistro de socios e deixa de estar obrigado ao abono das cotas futuras. Este socio, conserva a posibilidade de solicitar novamente o seu ingreso na Federación en calquera momento.

## TÍTULO II. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### CAPITULO I. DA ASAMBLEA XERAL

#### **Artigo 8. Natureza**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Federación e estará integrada por todas as asociacións de pleno dereito que compoñen a Federación

#### **Artigo 9. Reunións**

As reunións da Asemblea Xeral reunirse unha vez ao ano en sesión ordinaria no primeiro semestre do ano para aprobar a xestión da Xunta Directiva e o estado de contas de ingresos e gastos correspondentes ao exercicio anterior, así como a previsión de orzamento e o plan xeral de actuación da federación para o exercicio seguinte.

#### **Artigo 10. Convocatorias**

As convocatorias das Asembleas Xerais, sexan ordinarias ou extraordinarias, serán realizadas polo/a Secretario/a en nome do/a Presidente/a da Xunta Directiva en escrito enviado por correo certificado, indicando lugar, data e hora da reunión, así como a Orde do día.

Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración teñen que mediar polo menos 15 días.

Con todo, en casos nos que haxa que tratar asuntos con carácter de urxencia que non poidan esperar ao prazo sinalado, a Xunta Directiva poderá convocar Asemblea Xeral Extraordinaria nun prazo de 48 horas, sen considerar o devandito prazo anterior.

#### **Artigo 11 . Orde do Día**

O contido da Orde do Día correspondente incluírá os puntos xa previstos nos Estatutos, así como os que a Xunta Directiva a iniciativa propia ou por suxerencia dos membros da Federación estime oportuno debater.

As suxerencias que neste sentido queiran propoñer os membros federados deberán ir dirixidas á Xunta Directiva, a través da Oficina Técnica, con antelación suficiente para ser incorporadas na correspondente Orde do Día. Para iso, a Oficina Técnica informará as entidades membro dos prazos concretos para a recepción das propostas, que será de dez días previos ao lanzamento da convocatoria de Asemblea.

Os puntos da Orde do Día deberán ser debatidos polas entidades membro, con anterioridade á celebración da Asemblea Xeral correspondente, facilitando ás mesmas, calquera documentación requirida por calquera representante da asociación. A Xunta Directiva terá a potestade para confirmar o envío da documentación solicitada.

### **Artigo 12. Quórum de constitución**

A Asemblea Xeral estará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando estea presente ou representado algún dos representantes da metade máis unha das asociacións federadas e, na segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociacións presentes. Entre primeira e segunda convocatoria debe mediar un prazo mínimo de media hora.

### **Artigo 13. Formas de celebración**

As reunións de Asemblea Xeral poderán ser de tres modalidades: presencial, online ou mixta. En todas formas de celebración seguiranse os mesmos protocolos e garantías que no seguinte artigo se relatan.

No caso da modalidade online ou mixta, a identificación das persoas presentes deberase realizar ó inicio da sesión, como cuestión previa á celebración da mesma e cada un dos presentes deberá identificarse con cámara prendida e indicando o seu nome, apelidos e DNI. As persoas que non se identifiquen desta forma, poderán ser declarados ausentes.

### **Artigo 14. Desenvolvemento das reunións**

Actuarán como Presidente e Secretario da Asemblea os que nese momento sexan da Xunta Directiva da Federación. No caso de ausencia actuarán como tales os que designe a Asemblea. En calquera dos casos designarase ao inicio da sesión.

Os membros da Asemblea con dereito a voto poden delegar a súa representación noutro socio/membro familiar representativo da mesma asociación elixido en Xunta Directiva ou Asemblea de cada AFA ou en representantes legais doutras asociacións. Esta delegación será por escrito facendo constar o número de DNI e entregada ao Secretario da Asemblea ao inicio desta. Cada persoa poderá conter unicamente 1 voto delegado.

Tamén poderán intervir, con voz pero sen voto, os membros da Xunta de Directiva de FAGAL que asistan á sesión para a defensa daqueles asuntos que son da súa incumbencia en canto pertencentes ao devandito órgano de representación

Poderán asistir á Asemblea os representantes das entidades membro, incluídas e o, que así o desexen, sen voz nin voto. Neste caso, calquera gasto que se derive desta asistencia correrá a cargo das persoas/entidades participantes.

As deliberacións serán dirixidas pola Mesa que poderá retirar a palabra a calquera asistente no caso de abuso manifesto.

A forma e tempo das votacións serán, así mesmo, determinadas pola Mesa para que estas sexan operativas.

### **Artigo 15. Adopción de acordos**

Os acordos tomaranse por maioría absoluta dos presentes ou representados agás nos seguintes casos que será por maioría de dous terzos das asociacións federadas presentes ou representadas:



- a) A modificación dos estatutos
- b) A federación ou desfederación con outras entidades
- c) A disolución da Federación
- d) O cambio de domicilio fixado fora da cidade fixada nos estatutos
- e) A disposición ou alleamento de bens inmoables

O Secretario da Xunta Directiva redactará o acta de cada reunión que reflectirá un resume das deliberacións, o texto dos acordos que se adoptaran e o resultado das votacións. Ao comezo de cada reunión da Asemblea Xeral, lerase o acta da sesión anterior para a súa aprobación se así procede.

#### **Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral**

Son facultades da Asemblea Xeral, aquelas expresamente atribuídas a esta polos Estatutos.

## **CAPITULO II. DA XUNTA DIRECTIVA**

#### **Artigo 17. Composición**

A Xunta Directiva, en tanto que órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Federación, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral está formada polos seguintes cargos:

- a) Presidente/a
- b) Vicepresidente/a
- c) Secretario/a
- d) Tesoureiro/a
- e) Vogais

#### **Artigo 18. Actuación da Xunta Directiva**

A Xunta de Goberno actuará en todo momento sometida aos principios de máxima colaboración entre os seus membros e funcionamento democrático, coidando especialmente da transparencia de todos os seus actos e acordos.

#### **Artigo 19. Convocatoria**

A Xunta Directiva será convocada pola Oficina técnica a solicitude da Presidencia e cursará as notificacións oportunas cunha semana polo menos de antelación ao da celebración da sesión. Con todo, en casos nos que haxa que tratar asuntos con carácter de urxencia que non poidan esperar ao prazo sinalado, a Xunta Directiva poderá convocar sesión o máis axiña posible, sen considerar o devandito prazo.

A convocatoria farase por calquera medio que acredite fidedignamente a súa recepción, e irá dirixida nominalmente a cada un dos membros da Xunta, figurando nela o día e a hora da celebración, así como a orde do día, que será establecido pola Presidencia.

A convocatoria de Xunta Directiva será comunicada tamén ás asociacións federadas cun prazo mínimo de 24 horas de antelación á sesión. Nesta convocatoria figurará o día e a hora da celebración, así como a orde do día.

Se algunha das presidencias das AFAS estivera interesada en participar nalgún punto da Orde do día deberá notificalo previamente.

#### **Artigo 20. Formas de celebración**

As reunións de Xunta Directiva poderán ser de tres modalidades: presencial, online ou mixta. En todas as formas de celebración seguiranse os mesmos protocolos e garantías que no seguinte artigo.

No caso da modalidade online ou mixta, a identificación das persoas presentes deberase realizar ó inicio da sesión, como cuestión previa á celebración da mesma e cada un dos presentes deberá identificarse con cámara prendida e indicando o seu nome, apelidos e DNI. As persoas que non se identifiquen desta forma, poderán ser declarados ausentes.

#### **Artigo 21. Desenvolvemento das reunións**

Reunida a Xunta Directiva, a Presidencia abrirá e levantará a sesión, concedendo a palabra aos membros e dirixindo as deliberacións e votacións correspondentes.

Os acordos de Xunta Directiva adoptaranse a man alzada, salvo petición expresa dalgún membro.

Das sesións que celebre a Xunta Directiva, a Secretaría levantará a oportuna acta, que deberá transcribirse ao "Libro de Actas da Xunta Directiva". Na acta figurarán necesariamente os seguintes extremos:

- a) Lugar e data de celebración.
- b) Nome e apelidos dos asistentes, con expresión dos cargos que ostentan.
- c) Breve relación das deliberacións.
- d) Expresión clara e concreta dos acordos adoptados, facendo constar o sentido, do voto.

As actas serán lidas na sesión seguinte e, de merecer a aprobación da Xunta, transcribíranse ao libro, sendo asinadas pola Presidencia e a Secretaría. Estas actas aprobadas, deberán estar publicadas na parte privada da web de FAGAL na maior brevidade posible.

#### **Artigo 22.- Adopción de acordos**

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos requírese a presenza da maioría dos membros que a integran e ser acordados pola maioría absoluta dos presentes.

Os acordos da Xunta Directiva serán inmediatamente remitidos pola Secretaría de FAGAL á Oficina Técnica para a súa difusión entre o resto de entidades membro da Federación.

As decisións que a Presidencia adopte no exercicio das súas atribucións ou das que pola súa natureza non quede constancia nos libros de actas da Xunta Directiva nin da Asemblea Xeral serán informadas debidamente nas

correspondentes reunións de Xunta Directiva ou da maneira que se estime oportuna.

### **Artigo 23. Comisións informativas ou de traballo**

A Xunta Directiva poderá nomear comisións informativas ou de traballo, a cuxo fin poderá tomar acordos asignándolles funcións concretas e designando os membros que formarán parte da mesma, que deberán ser membros da Federación. Ditas comisións deberán informar de todos os seus actos á Presidencia, que poderá solicitar en todo caso a presidencia de calquera delas ou delegar esta función nun calquera dos membros da Xunta.

A Presidencia resolverá os conflitos de competencias que puidesen producirse entre os membros da Xunta e as respectivas comisións con motivo do exercicio das súas atribucións.

### **Artigo 24. Competencias da Xunta Directiva**

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da Federación, sempre que non requiran segundo os Estatutos ou o presente Regulamento, autorización expresa da Asemblea Xeral. Particularmente, a Xunta Directiva encargárase das materias expresamente atribuídas polo Estatutos.

### **Artigo 25. Designación, vacancia e cese dos membros**

A Asemblea Xeral designará aos membros da Xunta Directiva mediante a presentación de candidaturas, que deberán ser presentadas cunha antelación de 15 días á celebración da reunión de Asemblea Xeral, e que deberán ser difundidas de forma adecuada.

En caso de ausencia ou enfermidade dun dos seus membros, este poderá ser suplido provisionalmente por outro dos integrantes da Xunta Directiva, logo da súa designación pola maioría dos seus membros. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros electos da Xunta Directiva, serán cubertos provisionalmente entre os restantes membros que conforman a Xunta hasta a elección definitiva pola Asemblea Xeral da persoa que ocupará o cargo vacante.

Os membros da Xunta Directiva cesarán ou causarán baixa:

- a) Por expiración dos seus mandatos.
- b) Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva
- c) Por acordo da Asemblea Xeral, en caso de incumprimento das obrigas que tivera encomendadas.

### **Artigo 26. Réxime electoral**

Para a elección dos cargos poderán concorrer todos membros das Xuntas Directivas das asociacións federadas.

As candidaturas poderán presentar un programa electoral, e garantiráselle o tempo de exposición suficiente de cada un dos programas. As candidaturas serán elixidos por sufraxio libre podendo ser unha votación secreta se así o solicita polo menos un membro da Asemblea. O procedemento de voto pode

ser emitindo na papeleta facilitada pola Mesa Electoral ou por medios electrónicos que garantan o correcto desenvolvemento das votacións. Resultará elixida a candidatura que obtivesen a maioría simple dos votos.

Co fin de garantir un proceso de elección transparente establécese que as asembleas xerais que abran un proceso de renovación completo ou parcial de xunta directiva deben convocarse cun prazo mínimo de 15 días.

A Xunta Directiva debe renovarse obrigatoriamente cada 3 anos. Así pois establécense dous tipos de renovación de xunta directiva, a completa e a parcial

- Proceso de renovación completa da xunta directiva
  - A Xunta Directiva abrirá o proceso de renovación en reunión ordinaria facendo constar en acta a data da asemblea na que se produza.
  - A persoa que ostente a secretaría da federación será a responsable do procedemento e se determinará, se procede, unha persoa da oficina técnica para exercer de secretaría técnica.
  - Na convocatoria da asemblea xeral aparecerá identificado como un punto único e ben identificado da orde do día Proceso de elección de xunta directiva.
  - Na convocatoria da asemblea na que se trate o proceso de elección de xunta directiva levará en documento anexo á orde do día da asemblea o procedemento, anexos precisos e prazos.
  - O prazo máximo de recepción de candidaturas será de 10 días naturais dende o día despois da remisión da convocatoria de asemblea xeral. Dito prazo pecharase o décimo día ás 23:59 h
  - As candidaturas presentadas deberán ser pechadas e identificarán os cargos, nome da persoa candidata a dito cargo, AFA de referencia, cargo na AFA de referencia e número de DNI. Deberá ir asinada por todas as persoas candidatas.
  - Todas as sinaturas das candidaturas deberán ser do mesmo tipo, ou todas dixitais ou todas manuscritas.
  - Se todas as sinaturas das persoas candidatas son en xeito dixital, a candidatura poderá presentarse de forma telemática no correo electrónico identificado a tal efecto na convocatoria.
  - Se as sinaturas da candidatura son en xeito manuscrito ten que remitirse por correo postal certificado. Darase por válida unha copia dixitalizada ó correo electrónico dentro do prazo establecido. A candidatura en papel poderase recibir na oficina técnica da federación ata 24h antes da asemblea. En caso de que non chegue darase por desestimada.
  - A secretaría técnica do proceso electoral de FAGAL revisará as candidaturas para verificar a veracidade das mesmas e determinar que non acusan erros e informará á presidencia e secretaría da federación.

- No caso de identificar algún erro taquigráfico darase un prazo de dous días naturais para arranxalo. Fora dese prazo considerarase lista desestimada.

- Si se detecta que unha persoa que vaia nalgunha lista non cumpre as condicións para acudir nela causará baixa da mesma e comunicarse ás persoas que encabezan as listas para que procedan a corrixir o listado. Se a súa ausencia implica que non se poden cubrir os cargos mínimos considerarase lista desestimada.

- Ningunha persoa poderá ir en máis de unha candidatura. En caso de que así se dea causará baixa naquelas listas que apareza e comunicarse ás persoas que encabezan as listas para que procedan a corrixir o listado. Si a súa ausencia implica que non se poden cubrir os cargos mínimos considerarase lista desestimada.

- 4 días antes da asemblea remitirase a todas as AFAs, en nome da secretaría da federación e co visto e prace da presidencia, un correo co listado das candidaturas recibidas indicando en cada caso se hai ou non aberta algunha incidencia pendente de arranxo.

- Na asemblea, cando se inicie o punto de renovación de cargos de xunta directiva, informarse das listas recibidas, das validadas e se hai algunha desestimada a causa de dita decisión.

- Proceso de renovación parcial da xunta directiva

- No caso que no transcurso do período de mandato quede vacante un ou máis cargos da Xunta Directiva poderán ser renovados entendendo que o seu período de pertenza remata no mesmo momento que o resto dos compoñentes da Xunta Directiva.

- En caso de que a vacante sexa a presidencia ou que non se cumpra o quorum mínimo de Xunta directiva por estatutos a renovación da xunta directiva deberá ser completa.

- Os postos vacantes poden ser cubertos por outras persoas de dentro da xunta directiva que a súa vez deixará vacante o seu cargo anterior.

- A Xunta directiva informará canda menos 4 días antes da asemblea cales son as persoas que se postulan para os cargos vacantes.

- Na asemblea convocada a efectos de cubrir cargos vacantes someterase a votación un a un os cargos a renovar ou substituír.

## TITULO III. DA AFILIACIÓN A UNHA CONFEDERACIÓN

### **Artigo 27. Afiliación á Confederación Española de Alzheimer**

A Federación Alzheimer Galicia está afiliada á seguinte Confederación: Confederación Española de Alzheimer.

O presente Regulamento é conforme ao Regulamento de réxime interno de devandita Confederación. No caso de conflito entre o Regulamento da Federación e o da Confederación, prevalecerá este último.

## TITULO IV. DA DISOLUCIÓN

### **Artigo 28. Disolución da Federación**

FAGAL disolverase por vontade dos socios, expresada en Asemblea extraordinaria convocada a tal efecto, co voto favorable dos dous terzos dos asistentes

### **Artigo 29. Comisión liquidadora**

No caso de acordarse a disolución, a Asemblea Xeral que acordara a medida nomeará unha Comisión Liquidadora, extraída da Xunta Directiva, para que proceda a liquidar todas as responsabilidades económicas e sociais da Federación, si as houbera. O patrimonio resultante será destinado a entidades beneficiarias de mecenazgo nas que primarán aquelas que comparten fins estatutarios con esta Federación. En calquera outro caso será entregado a unha entidade de enfermos psíquicos, con alzhéimer e outras demencias.

## TITULO V. DOS ESTATUTOS E DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

### **Artigo 30. Da reforma dos Estatutos e do Regulamento de réxime interno**

A iniciativa para a reforma dos Estatutos da Federación ou do presente Regulamento, pode provir da Xunta Directiva ou dunha terceira parte dos socios. Para proceder a esta reforma, este asunto debe incluírse na orde do día da convocatoria de Asemblea Xeral.

A modificación dos estatutos aprobarase coa voto favorable de dous terzos dos votos das persoas presentes ou representadas. A modificación do presente Regulamento aprobarase co voto favorable da maioría dos socios. En caso de empate, o voto do Presidente/a ou de quen exerza as súas funcións será de calidade.

No caso de reforma dos Estatutos, as modificacións serán enviadas inmediatamente ao Rexistro de Asociacións e ao resto de órganos competentes para que proceda a efectuar o/os cambios oportunos.

Logo da reforma dos Estatutos o presente Regulamento, no seu caso, os textos reformados serán postos a disposición de todos os socios pola Xunta Directiva, mediante a páxina web ou o envío por correo postal ou electrónico a todos os seus membros.

## TITULO VI. DA OFICINA TÉCNICA

### **Artigo 31. Desenvolvemento das actividades**

A Federación desenvolverá as actividades necesarias para cumprir os seus fins, de conformidade cos Estatutos e co presente Regulamento. Todos os socios sempre que se atopen ao corrente do pago e satisfagan os requisitos necesarios, poden participar nas actividades organizadas pola Federación.

Así mesmo, calquera socio pode propoñer actividades á Xunta Directiva, que decidirá por maioría a súa realización, salvo que estea aprobada por Asemblea Xeral.

### **Artigo 32. Local federativo**

O local federativo debe manterse en todo momento limpo e ordenado. Así mesmo, o mobiliario e demais enseres da Federación deben ser conservados e respectados.

Os socios comprométese a respectar as normas de uso e goce do local da Federación aquí estipuladas

## TITULO VII. DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN

### **Artigo 33. Réxime sancionador**

A Federación Alzheimer Galicia ten aprobado o documento propio de réxime sancionador onde se inclúen aquelas infraccións dos membros asociados que previa denuncia, poderán ser obxecto de expediente sancionador e que se instruirá de acordo coas regras previstas para estes expedientes pola normativa sancionadora administrativa.

## TIÍTULO VIII. DO REXIME ECONÓMICO

### **Artigo 34 . Cota salarial**

Desde o seu ingreso, os socios están obrigados a pagar unha cota social, cuxo importe será fixado todos os anos na reunión da asemblea xeral ordinaria da Federación.

Para o exercicio en curso, o importe da cota periódica foi fixada en 200€ ó ano.

#### **Artigo 35 . Abono da cota social**

O abono realizarase na conta bancaria da Federación, considerándose a cota satisfeita á entrega do resgardo bancario ante o Tesoureiro/a ou o/a Presidente/a, no seu defecto. Toda cota abonada á Federación, adquirese de forma definitiva, sen posibilidade de esixir, en ningún caso o seu reembolso.

#### **Artigo 36 . Asistencia a Asembleas, reunións de traballo ou análogas**

Os gastos de asistencia a Asembleas, reunións de traballo ou análogas convocadas pola Federación irán a cargo desta.

## **TÍTULO IX. MEDIACIÓN**

#### **Artigo 37 . Mediación de FAGAL**

Os membros da Federación, así como as asociacións que a compoñen, poderán someter a mediación da FAGAL, as controversias sobre calquera conflito que xurda entre elas.

#### **Artigo 38 . O proceso de mediación**

A mediación é un proceso extraxudicial de resolución de conflitos, baseada nun método que favorece o diálogo na que intervén a axuda dun terceiro (mediadora) cuxa tarefa principal consiste en servir de "ponte" para que as partes modifiquen o enfoque inicial baseado na confrontación. Evita malos entendidos e prexuízos, axudando á partes a non centrarse unicamente nos seus intereses senón nos de ambos, aclarando os seus problemas e buscando solucións favorables e creativas para todas as partes.

#### **Artigo 39. Principios da mediación**

Os principios informadores da mediación son a voluntariedade das partes, gratuidade para as mesmas, confidencialidade e bilateralidade.

#### **Artigo 40. Solicitude de mediación**

As partes que estean interesadas en resolver o seu conflito mediante este proceso de mediación deberán pedilo conxuntamente, presentando escrito na Oficina Técnica da Federación.



#### **Artigo 41. Comisión de Mediación**

Nese momento, de entre os membros da Xunta Directiva de FAGAL constituirase a sorteo unha Comisión de Mediación que estará composta por tantas persoas partes en conflito ata un máximo de catro.

Ningún dos mediadores poderá pertencer á Asociación inmersa na controversia. Nese caso, deberá de absterse de participar no proceso e inmediatamente nomearase a outro membro de Xunta Directiva.

Finalizada o proceso concreto de mediación, disolverase a correspondente Comisión de Mediación.

#### **Artigo 42. Participación na mediación**

Nas sesións de mediación só poderán participar os mediadores e os representantes legais das entidades en conflito.

Para as mesmas utilizarase calquera medio de comunicación directo e indirecto e consistirán nunha toma de contacto, acollida das partes, encontro dialogado e acordo.

#### **Artigo 43. Cumprimento dos acordos**

O cumprimento dos acordos depende exclusivamente das partes que o acadaron.

## **DILIXENCIA**

DON CÉSAR BUGALLO CARRERA, Secretario da Federación Alzheimer Galicia  
CERTIFICA:

Que este Texto Normativo recolle as modificacións acordadas en Asemblea Xeral Ordinaria celebrada ó efecto o 28 de xuño de 2023

E para que así conste, expide a presente certificación en Santiago de Compostela a 28 de xuño de 2023.

Ado. Don César Bugallo Carrera  
Secretario de FAGAL

Ado. Dona María Isabel Gey Pérez  
Presidenta de FAGAL